



**M<sup>a</sup> Carmen Alfonso Leiro, Ricardo Nogueira Rey e M<sup>a</sup> Carmen Nogueira Moure , membros do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilanova de Arousa, ao abeiro da legislación vixente presentan para o seu debate e posterior aprobación se procede, á seguinte**

### **MOCIÓN :**

Defender os xoves, e non tan xoves, dos danos case sempre irreversibles do alcohol e outras drogas, neste presente tramposo e confuso (Mario Benedetti, memoria y esperanza) é tarefa de todos e todas, e tamén do goberno municipal, que debe ocuparse antes das prioridades, de colaboración cos servizos de prevención e asistencia a drogodependientes (SPAD), que das vanidades como estatuas talasoterapias...etc.

Dende o noso grupo municipal, pensamos que Vilanova non precisa de mais xeracións perdidas e mais ca nunca faise preciso non baixa-la garda, cun presente como que temos de alto risco cun amplo catalogo de sustancias: alcohol, por doquier, cannabis ( marihuana) en calquera sitio, cocaína, o gran negocio caia quen caia, e as de síntese, ou a toda pastilla o que faga falla pero o mercado deste tipo de evasión esta en alza e a saúde das persoas a baixa, e a clientela médica desexamos contribuír para mantermos sans, para que se previna que xa se sabe é .mellor que curar.

Según a información recollida directamente no S.P.A.D de Vilagarcía, o noso concello deixou de contribuir economicamente a este servizo dende o ano 2003, alegando problemas de presuposto, que para outras cousas parece non haber, e mais cando a cuantía ascende a módica cifra de entorno os 3.000 euros (nin unha cunca, 50 m2 no terrón , cun ferrado tiñamos para 10 anos de programas de prevención). Aínda así o SPAD, atendendo a demanda da orientadora do IESP da Basella e do CEIP de S. Miguel desenvolveu o programa de actividades de prevención de drogodependencias solicitado ca intención de costealo os centros educativos, termino que non consinteu o concello de Vilagarcía que se fixo cargo dos custes.

Todos os concellos do entorno están a participar colaborando activamente co SPAD no desenrolo dos programas preventivos no ámbito educativo, familiar, e da xuventude. Parécenos unha maneira mais de dar a nota negativa por parte do goberno do noso concello de non colaborar con este servizo o que deben mostrar o seu interese para atender o art. 28 da lei de bases do réxime local . “de realizar actividades complementarias ...relativas a educación , sanidade...” Ademais de dar resposta ás necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de contar cun servizo non so asistencial senón preventivo de saúde.

No presente curso que vai comezar o S.P.A.D. dependendo da Subdirección xeral de saúde mental e drogodependencias (Consellería de Sanidade), incorpora novos programas e materiais didácticos encamiñados a integrar a educación para a saúde en todos os ámbitos da comunidade escolar, familiar e social en definitiva. Por todo elo consideramos de especial interese recuperar para este curso a colaboración do noso concello co S.P.A.D. co fin de poder recibir os seus servizos de prevención. Entender



isto como unha prioridade é demostrar que o que realmente nos importa son todos e todas os veciños e veciñas deste concello, porque a saúde é o que importa ¿non si? .

O grupo municipal do BNG, NO CUMPRIMENTO DA SUA OBRIGA DE DEFENDER OS INTERESES DOS VECIÑOS, toma a iniciativa e presenta diante do pleno da corporación de Vilanova de Arousa as seguintes **propostas de acordo** :

- 1.- Que o concello de Vilanova de Arousa, que é quen debe mostrar o seu interese, retome os acordos de colaboración co S.P.A.D. de Vilagarcía.
- 2.- Que solicite deste servizo para todos os centros educativos do concello (colexios, escolas unitarias e institutos) os novos programas de Prevención do consumo de drogas na escola e Intervencións socioeducativas na aula.  
Para todas as asociacións de pais/nais, xubilados/xubiladas e xoves que teñan a ben participar nos programas de información-formación e sensibilización.  
Para as autoescolas do concello o programa de aprende a conducir sen alcohol.

Vilanova de Arousa, 22 de agosto de 2007

Asdo. M<sup>a</sup> Carmen Alfonso Leiro Ricardo Nogueira Rey M<sup>a</sup> Carmen Nogueira Moure

**SR. ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA**